

# A·N·S·A·TERRA

BOLETIN DECENTAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste dun númer, 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 84

A CRUÑA 25 DE MARZO DE 1919

## COUSAS ESENCIÁS

### O GALEGUISMO SÍMPON

A "Oliva," de Vigo, orgaizou e fixo unha serie de conferencias orredor do tema "Galicia e a Autonomía".

Buscou xente de releve para elas. Dérone se xa sete, e das sete somente duas foron pronunciadas en castelán: a de Casares Quiroga, da. Cruña, e a de Antonio Ximénez, de Santiago; o resto... todas en galego. Falaron en galego, os catedráticos Lousada Diéguez e Risco, os abogados Noguerol, Peña Novo e Banet Fontenla. En galego vai falar ainda, tamén, o gran artista, xenio da raza, Castelao, e o insine poeta Ramón Cabanillas.

En galego falaron tamén, en Pontevedra, en duas conferencias, moi apraudidas, Cabanillas e Peña Novo. E en conferencias ós Dependentes da Cruña, empregaran tamén, fai poucas datas, a nosa lingua, Peña Novo e Villar Ponte.

Xa non percisamos dicir que en todal-as veladas, festas e actos de porpaganda, somente s'emprega o noso idioma, polos galeguistas.

¡Homes sin fe, homes cegos para todo idealismo, para toda empresa de vontade e constancia! ¿Non vedes como sin mais que doux anos longos d'autuación, as "Irmandades," conqueriron proveito? ¿Non vedes como si ás "Irmandades," axudaran algúns galegos de cartos, que ningún lles axudou, Galicia axiña tería unha concencia colectiva tan forte com'a de Cataluña?

Pois logo a nosa lingua conquerirá un novo homenaxe. Elo será c'o estreno, pri-

metro na Cruña e despois en Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo, Betanzos e Ferrol, da fermosa comedia de Ramón Cabanillas A man de Santiaña, por un fato d'alumnos da seición de Declamación do Conservatorio d'arte galego. Naquela comedia, escrita adrede en prosa pol-o gran poeta da raza, a lingua do povo, traballada con fondo amore, volve a ser a lingua do arte por escelenza; a lingua que trunfou, con xeito universal, nas xustas e nos torneios dos séculos XIII, XIV e XV; a lingua chea de dozura, d'armunia, a lingua eufónica e moliña, que soilo alcontra parella na italiana.

Gracias, pois, a Cabanillas, e gracias tamén ó empresario de teatros mais intelixente da nosa Terra, Sr. Fraga, que sempre ben dando provas d'amore pol-as couzas galegas, a lingua nazonal esquecida nas vilas, soará nas vilas deitando dos labios de fermosas señoritas e de distintos rapaces para ser gabada e apraudida canto ela o merece.

E non hai que dárle voltas. O problema mais interesante e trascendente de Galicia, ó de ser ou non ser, é o da lingua. Os outros son problemas axetivos.

A lingua é a i-alma; e a i-alma é o sustantivo. Cando fai poucas datas, á saída dos concertos que dou na Cruña a Orquesta de Cáwara de Barcelona, ouviamos falar sempre en catalán os profesores d'aquela colectividá, pensábamos: isto é o segredo da forza de Cataluña.

O triste é que haxa ainda moitos galegos, obreiros e siñoritos, que non poidan decatarse de tan sinxela verdá.

Sempre nos lembramos das palabras de despedida de Cambó, cando deixou a nosa Terra: "se tedes resoltos tódolos vosos problemas económicos e políticos o dia de mañán, pero deixáchedes esquecido o da lingua, non teredes conseguido nada, nada, nada.."

### A toleadura dos nosos reformadores

No prólogo ao folleto "Materiales para el estudio del derecho municipal consuetudinario de España," obra de Costa, Pedregal, Serrano y G. de Ll.ares, faise constar o siguiente: "Cuando en Noviembre y Diciembre del año pasado (1884) se estaba elaborando en el ministerio de la Gobernación una ley de gobierno y administración local, se hizo decir a la Prensa cosas muy peregrinas: 'la reforma tiene tanta originalidad, que aún no habiendo nada nuevo en el mundo, será difícil a los comentaristas apasionados quitar aquel mérito a la ley,' 'este proyecto, a que se está dando la última mano, ofrece nueva redacción, pues no se ha tenido presente, como se acostumbra en esta clase de trabajos, ninguna de las leyes anteriores,'; 'en el ministerio se estudian con tesón las leyes municipales de Francia, Italia, Bélgica y demás países europeos, a fin de organizar el municipio y la provincia con arreglo a los últimos adelantos; etc..'

O comentario do gran Costa, condenou tal toleadura d'esta admirable maneira: "Se alardea de originalidad en una esfera de la vida donde la mejor originalidad consiste en no tener ninguna; donde el legislador debe limitarse a ser mero intérprete del estado social y una como cámara obscura, sin voluntad propia, que reproduzca con fidelidad los rasgos fisiognómicos del municipio tal como es. Para preparar una ley de Gobierno local destinada a España, se estudia el municipio inglés, el francés, el alemán, el italiano, el portugués, es decir, todo menos lo único que debiera estudiarse: el municipio español."

E sendo como é un principio de biología

## GRAMATICA GALEGA

VÉNDESE na nosa ADEMINISTRACIÓN

PREZO 50 CÉNTIMOS

## A NOSA TERRA

xurídica, demostrado pola experencia dos séculos, que a realidade é anterior e superior a lei; que non pode disporse—sómente en casos de perigosa toleadura—que o molde d'aquela seja ó d'esta, polo até os menos prácticos n'estas cousas non ifioran qu'esta derradeira téu que sere a más felispresión da pirmeira.

Pro elqui na nosa Hespaña—vivelro o mais fecundo do verbalismo e d'exóticos lexisladores—enxéguense as cousas en senso contrario, isto é, pirmeiro a lei, dispols a realidade; e por iso ollamos con imenso dô com'aquéla usurpa a mellor e-a maior parte das normas prácticas qu'es spontanamente nascen das entrañas da realidade mesma, e que éla, no sentir de Costa, condon e persigue, suplindá falla de razón cō aparato d'oficiais e tribunais.

Non habendo como n'hai diferenzas entre as morfoloxias natural e xurídica, está visto que a lei municipal té i que sere como é o Municipio: verdade e realidade. E namentras elsi non sexa seguiremos cō estigma d'unha nazón gobernada pol-a toleadura d'unhos homes qu'hai muito tempo que pra ben d'Hespaña deberian estar fortemente recluidos nos manicomios.

Os mesmos políticos que idearon semellantes fórmulas, e que trataron de poñelas en práctica, son os pirmeiros en reconeceren que estaban na horta, e hoxe zafan da circulazón os pellegrinos recursos do seu extraviado maxín.

Ollan con dô a queda do centralismo e co él a da uniformidade que convertia a nosa malfadada Patria nun clísterio e n'unha desventura d'emigración permanente, pois pra ninguén é desconecido que o promedio da mortalidade é de 650.000 hespañoles por ano, é de 300 a 350.000 o d'emigrantes.

A y-alma da razi síntese sacudida polos estertores dos seus tirans e polo chiar dos seus vampiros, e n'un xigantesco esforzo d'vontade dormida—non morta como presumían os caciques—esnaquizará as cadeas que a tragulan baixa e cobardemente amarrada ao oprobioso carro dos oligarcas que desde Madrid allimentan as raíces do árbore maldito qu'envenená e mata despiadadamente as libertades e as iniciativas municipaes...

A y-alma do pobo hespañol despertou, e Deus sabe ate onde chegará nas suas reivindicaciones..., que terán que ser radicás s'han de respondere a justicia que lle asiste.

Comezaron a caer as estáutas que repersentaban certos e ben conocidos e odiosos sistemas, e axilia, moi axilia serán derrubadas as persoalidades qu'arelan ser estautadas.

Caciques qu'en Madrid nutridos cō voso esterco as inxusticias dos Gobertos das provincias, tremade! O sangue das inocentes vítimas nin agora, nin nunca, foi derramado sin confundir a vida dos verdugos.

Caciques! A Espanha honrada hai xa molto tempo que o único favor que vos pide consiste en que a deixedes en paz, que vos retiredes; que non gobernedes; e como parece que non vos queredes dar por desauciados, podeis fer por seguro que o voso fin terá que sere fatalmente com'o de todolos criminaes...

FRANCISCO VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

Santiago, Marzo de 1919.

## ¡Edificate!

Xa dicimos nos...

Un Instituto d'Estudios Galegos, do xeito que ten o dos picoreteiros, non é perciso, ou de seilo, sobra entón a Academia Gallega.

E tiñamos razón. Agora poderánse decatar hastra os académicos mais amigos do «queda ben».

Algúis académicos acetaron cárregos no Instituto de Picoret. Deron así por bón aquel Instituto. Aquel Instituto pidiulle á Diputación provincial da Crux unha axuda económica e a Diputación deuilla, deixando sin aquela que adoitaba consinar nos seus presupostos, á Academia Gallega. Querse dicir: que a suvención da Academia pasou ó Instituto picoreteiro. E a Academia ficou c'un palmo de fuciños.

Un caso mais de noxento favoritismo; unha caciqueiria mais que pesa sobre a Coxeira provincial.

E os académicos inda seguirán facéndolle o caldo gordo a Picoret and company. Porque hai tan poucos homes de carácter, hai tanta probeza moral...

### PROSAS LÍRICAS

## O CAMPO E A CIDADE

### I

Nun cantar perenne as labercas sobre voadores car-o ceu, dende o monte florido de tojos. Baixo min alumadas pol-o sol entreveado da Primavera, as ondas mareiras espiregen a sua cabeleira escumosa, dicindo o seu perdurante hino de inmensidá e forza. Baten nos diques da cidade mesta morea de casas agora, espallandose polos verdes outeiros. Ali encomenza a aldea.

### II

Vede aquí os dous momentos da vida galega, dous momentos esenciais: unha campía, unha aldea inmensa, cuase descoñecida e unha cidade que empíncipala a coñecerse a si mesma, a ser si mesma e a penetrar o segredo de existencia n'os lares campesinos.

### III

Entre a cidade e a aldea houbo longo tempo fonda separanza. As gentes habitantes das casas agachadas nas vellas fragas e nas anosas carballeiras, poselan unha existencia propia, tifian sua lingua, os seus usos e do mesmo xeito que o labrego traballaba as leirás co'o arado celta, gardaba a sua alma, no mais íntimo, millentarias reminiscencias. Os vellos deuses cubizos de fugir do exilio moraban ainda ocultos nas congostras, n'os boscos e n'os marxes penedos. Todo era ali primitivo mas tamén rejo e sincero. Existencia verdade, producindose real e positivamente de si mesma! Ali se mantinha intacta a alma galega e milleiros de germens fecundos latentes, agarababan somente un impulso p'ra se desenrolaren que non vifia de ningures porque a cidade que debía dalo, ifiorabase a si mesma e á duramente campía. Dito d'outra maneira: non xurdía a visión crara dos problemas do país.

Cal era a razón d'esto? Houbo en Galiza unha época, e algúns viven ainda nela, na

que se cultivaba unha vida falsa d'irrealidades e apariencias; clase en cousas imaginarias e esqueciase a substancia e os problemas do noso povo. Os galegos deron en imitar unha existencia banal e leviana, decadente e amaneirada. Ainda n'os momentos d'espargemento, n'os que parece tíffia de predominar a espontaneidade, xurdia o rasgo d'exotidade que deviña ás veces de brutalidade. O canto e a poesía, entre outras cousas enxebrés, se desleixaban e as prazas de touros se lixugaban, entremetres, en festas bárbaras contrarias aos instintos raciales.

### V

Un día escomenzou a cidade a pór atención nas palabras d'os que pregaban unha vida de intimidade co'as propias realidades, empíncipou a facerse consciente de si mesma e tamén decatouse de que pertefecía a unha unidade histórica constituída en grande parte polas aldeas perdidas antre o follage e os millos. Relembrouse do campo onde latitaban tantas cousas nobres ifioradas e apareceuselle craramente a sua misión diretora, creadora de novos valores. Galliza atopando a sua esencia salvarase; unha época brillante da sua historia nascia!

### VI

Como un símbolo, erguense sobre os outeiros ribeiros, os verdes píñeiros—mensageiros de amor que cantara un vello rel poeta—cheos de forza, respondendo ás brisas e vendavaes d'os mares que tragen un halito de mundial lonjanía, co'os mais formosos cantos, suas raíces rejamente termendo na nail terra.

JOHAN VIQUEIRA.

### ANACOS D'UNHA PAROLA

## A música galega

N'unha revista da Habana topamos unhas manifestazóns sobre da música galega que, pol-a sua importancia, coidamos que deben ser conocidas d'os nosos leitores. Estas opiniós, feitas n'unha conversa c'un repórter, teñen a forza da autoridade d'un home que sabe moito de música e que é, inda que viva na emigración, un galego nazionalista de corpo enteiro. Como Ricardo Fortes—quien, como o leitor sabe, puxo un prólogo musical á *Vento Moreiro* de Cabanillas—hay en terras alleas, leás irmáns de verdadeiro valer e fondo galeguismo.

—Ben, señor Fortes; digan o que vosté pensa do arte galego, da sua situación, tanto en Cuba como en Espanha, do que se ten feito, do que pode e debe facerse, y-en fin, canto a vosté se lle ocurra sóbor d'este tema.

Moltas veces me terá vosté ouvido decir, e agora o repito, que o arte galego é, ante os artes rexionais, o que mais vigorosa personalidade e caracteres mais xenuinos repersenta. Non é pastón de galego, é sinceridade reflexiva. A nobreza do aragonés, a flexibilidade

do andaluz, a austerdade casteláu, etc., etc., todo-los caracteres distintivos d'as diferentes rexións ibéricas fundense no galego, sobre todo ademais nél como unha lumiosa príncipala, a macia melancolia d-as súas canzóns, a fonda sensibilidade do seu temperamento que si non se sabe endexamais até donde é capaz de soportar infortunios, tampouco se lle conoce límite á onda agarimosa d'os seus caríños, que abafa as almas e as cousas nos seus moles esluvios adormecentes. Y-empriso, a pesar de sere Galicia a rexión mais rica en cón local, nada se fixo en Cuba ni en España que poida sinifcar un arte definitivo, netamente galego.

Coido que algo podia facerse en Cuba, si os sifiores que agora organzan veladas no noso Teatro fan por fuxiren de eisclusivismos e tenden a organizar unha selección de declamazón, que é indispensabel, procurando levar a elas elementos capaces. Si se fai esto, non solo comedias con intermedios musicaes, sinon que até zarzuelas, operetas e revistas podian representárense. Con esto conseguírase, ademais de oferescer un campo en que nobremente loitaran os artistas galegos, unha fértil labor de divulgazón que elevase o concepto en que nos teñen os estranos, e sirvise, ante nós mesmos, pra despertar un acercamiento que nos fixese millor nosa Casa elqui, como o que é, un curruncho d'alá.

—¿E de Maruxa qué pensa?

—Ademiro ó mestre Vives; coido qu'é un dos mais firmes puntás d'a música española; pro a sua ópera *Maruxa* encontróa deficiente, falsa de cón, no que se refire a expresión do Arte galego.

—Há unha obra—digoll'eu creio que desconocida en Cuba, *Amores de aldea*, do mestre Soutullo, ¿conócea?

—Non tanto como pra dir unha opinión definitiva, mais coido que se acerca mais que *Maruxa* a nosa alma galega. O mestre Soutullo soupo, millor que Vives, interpretar no pentagrama a riqueza d'as nosas espiritualidades.

—Ten vosté moitas obras publicadas?

—Tefio algunas; todas en colaboración con intelectuaes galegos. Un romance lírico, *A fouce esquenida*, letra de Cabanillas, de sabor crásico e remoto; unha melodía galega, *O adios do emigrante*, letra da nosa esgrevia Rosal; unha ruada con innovación de técnica musical, letra de Cabanillas, titulada *O cantar do que se alexa*; a conocida balada *Noite de lúa*, celebradísima n'Habana y-en Galicia, tamén en colaborazón con Cabanillas. Non fai molto este me esquitbeu desd'a Cruña dicindome que ouvira cantar *Noite de lúa* a Marquesa de Figuelroa. Ademais tefio unha *Melodia sin palabras*, feita con muito agarimo. D'esta obra vou a contarile unha anécdota orixinal. Guillermo Cedrón dixome c'unha vez, xantando n'un restaurán de Manchester, chamáronll'a atención uns acordes conocidos, que preludiaba a orquestra de zingaros do hotel. Dirixeuse o director y-éste amostroulle os papés da música qu'estaban tocando.

Era a melodía *Morriña*, de Ricardo Fortes. O zingaro aseguroule qu'era unha peza musical moi sollicitada pol-o público.

—E vosté non sabe como poido chegar até ali sua composición?

—Non pulden averigualo. Lembrome que repartiu algunas d'as mías obras, mais non sei como chegou *Morriña* a un país tan lonxano.

O señor Fortes ten varias obras mais en preparación, algunas en colaboración con outro músico galego, José Guede, un d'os primeiros líricos da terra!

Nós, ó reproducir esta conversa xornalista, folgámonos de contar con un tan outo músico galego nazionalista, e desde elqui mandámoslle un forte e o mesmo tempo agarimoso berro: ¡Adiante!

## DOS NOSOS POETAS NOVOS

### A FURNA

Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e-outro más forte;  
falades co'a valentía  
dos que rin diante da morte.  
Se un revólvese ante escuma  
e nos penedos enviste.  
a outra erguida na bruma  
tranquila os pulos resiste.  
Calquera ao venvos coldara  
que sodes doux enemigos  
que rifades cara a cara,  
a morte, e mais sin testigos.  
Pro, eu, que antre vos nascín,  
malla dos vosos enfados,  
de cote xuntos vos vin  
Igoal que doux namorados;  
e muitas veces, pro muitas,  
ouin nos vosos rumores,  
en ves do fragor das loitas,  
brandas cantigas de amores.  
Grandes, barudas, xigantes,  
xoguetes da pasión fera,  
sódelos firmes amantes  
que enchédel a azul esfera.  
Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e-outro más forte,  
falades co'a valentía  
dos que rin diante da morte.  
Amador que chega e fala  
parolas doces a elto,  
e-amida que escóta e cala,  
e-ao amor áelle o peito.  
O mar, galán namorado,  
cantando chaga hastra a orela,  
e nos pes do b-n amado  
deixa unha ofrenda sinxela;  
soberba, alta, a montaña  
sinté de aquel bico o ardore  
e-unha furna abrir na entrana  
n'un terremoto de amore.  
¡Oh, furnas da misia terra  
que abren os bicos do mar,  
de cote o mistéreo berra  
no voso seo un cantar!  
Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e-outro más forte;  
falades co'a valentía  
dos que rin diante da morte.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

## COMENTARIO D'AUTUALIDADE

### O segredo d'un trunfo

Un trunfo decisivo, enorme, superior a todo o que poidera agardárese, coroou as recentes reclamazóns formuladas por un seutor importantísimo do proletariado catalán. A solución do derradeiro conflicto societario qu'en Barcelona se planteou, tivo todolos caracteres do insólito, do inagardado. E ninguén, por moi cratívidente que fose, podería endexamais sospeitar que as aludidas reclamazóns obrelas outerían o fallo que, como consagrazón plena da xustiza d'unhas demandas, forzosamente tivo que ser otorgado. Porriba de todolos cálculos e de todolos vaticinios; superando a todolos pronósticos e deixando mol atrals ás mais aventuradas conxeturas, o laudo recaído na recente folga da gran urbocatalana amóstrase como o trunfo mas grande, preno e resoante qu'as reivindicazóns obrelas abranguiron n-istas derradeiros tempos. Da cuantía e proporcións do aludido trunfo ben claro falan certos díctalles, significativos por demais, traidos que o esculador mais inesperante olla, s'n grandes esforzos de visión, o fracaso de medidas tidas até o d'agora por decisivas e termiñantes.

E iste fracaso, xa importantísimo polo que de tal ten, dobla a sua importancia a adquire proporzóns desmesuradas a pouco que se repara no doble senso que encerra.

As correntes novas, xuveniles, mundiales adentrándose pol-a vella Iberia e faguéndoas sentir a sacudida dos ars renovadores que escomezan a espreguizála, d'unha beira; á outra, o comienzo da liquidación de procedimentos anacrónicos vellos e ausurios que na Iberia ainda pertenden seguir impónense; pese a terce soado a hora da sua desaparición mundial no preciso instante en que o noxento imperialismo deu en terra,

Agora ben, calquera coidaría que fautores extraordinarios, endexamais empregados nas loitas sociaes, foron os que forxaron un trunfo tan grande e tan resoante. Nada más lonxe da realidade. Un solo fautor, si ben de enorme trascendenza, foi o que o determinou. E iste fautor, sólamente iste fautor foi o que fixo decisiva e rotunda, cicais como poucas veces, a victoria obreira. A organización, unha organización plena, acabada até nos mais cativadores díctalles, frente á desbaraxuste e a desorientación, velai o único segredo do éxito, a verdadeira e decisiva clave do trunfo. Ela de por si, sola, ausolutamente sola, sin outros auxiliares que a foza que dan a estreita xuntanza e fe e a firmeza nas propias conviccions puidos mais que todalas outras forzas xuntas. E, como de cote, porriba do xuntoiro híbrido de entidades e organismos desorganizados e gastados, xurdéu puxante e soberana, plenamente trunfadora, a organización, abatindo orgullos, derrumbando procedimentos, amostrando craramente o único camiño que leva en dereitura ó trunfo.

¡Canto insílio se pode deducir dos feitos

comentados pr'a nosas reivindicazóns agrarias e nazonalistas! ¡Canto non temos d'adprehender d'istos lloitas nas que, unha acabada e compretísima orgazazón suple na maioría dos casos, a forza do número, da cantidade, da masa, coa forza do seu perfeucioamento totalmente levado até os detalles más insignificantes! ¡Cantas leccións non se desprenden de xornadas como a aludida! E sendo elsi, e ollando como unha orgazazón disciplinada e perfeuta, pode arrolar a todo un xuntoiro de orgaosmos desorgaizados—por molto cu'istes

orgaosmos representen a forza material, a cárrega morta de vellas e brutales oligarquías —unha espranza, unha grande espranza escomena a latexar no noso espírito: a espranza de que chegue un dia non lonxano no que, unhas perfeutas orgazazóns nazonalistas abrangendo a libertade patria, a prena libertade, única pol-a que se debe peitar, abrangan tamén a redenzón agraria, a redenzón xustísima e cal ningunha santa dos modernos servos da gleba.

UN AGRARIO.

os intresados en sostener a inxustiza e a barbarie e mais fácil será cortarlle as uñas.

As agresións do capital contra a renda, moitas veces realizadas en alianza transitoria co traballo, responden á presión constante d'unha evolución social que s'estrela contra a inercia d'unha resistenza histórica oustinada en de tel-a marcha do progreso moderno que consiste en que o traballo viva perpetuamente asociado en verdadeira simbiosis, co capital, que é a sua ferramenta, pra apricárense xuntos a outeren a máxima produción do chan feito libre pol-a lei.

Ista resistenza histórica é o dominio quiritorio da terra tal como ainda subsiste.

Por ela o capital esterilizase derivando hacia o aforro e hacia as inversións en papel do Estado, cousas amas que contribulen a disminuir as facilidades e a eficacia do traballo, mais non-o fai impunemente porque tén que sofrir os empuxes do capitalismo como un penedo resiste as ondas que, emporiso, vano esfarelando pasenfiamente.

Hai infinitas víctimas inocentes; mais o progreso sigue o seu camiño.

E unha guerra como a outra onde o criterio superior de solidaridade racial fai morrer ás xeneracións autuas coa esprauza de asegurare un porvir algo mellor ás futuras.

Os episodios d'ista lotta incesante son invisibles pra casi todo o mundo; mais non por iso son menos crueles.

(Do libro *La ciudad castellana*.)

## Verbas d'un castelán

### De Xulio Senador Gómez

Hai duas categorías de burgueses. Na primeira están os donos da terra, conservadores, viclosos e compretamente incultos. Na segunda están os donos do capital, liberales, activos, marrulleiros e mellor instruídos, como pertenecentes a outro tipo más avanzado de civilización.

Emporiso, a ignoranza de amos grupos é enorme. Si algunha manifestazón que paresce de intelixenza se dona ante eles, non é intelixenza: é a astucia reptil.

As suas empresas funcionan porque eles pagan homes intelixentes que llas dirixen. A sua influencia sostéñese porque nun país esmagado e abafado os intelixentes non atopan traballo e teñen que entregarse a eles por un anaco de pan.

Violan concenzas valéndose da fame.

All onde ollan que aparece un intelixente perigoso non-o matan porque temen ó escándalo; mais válense da sua miseria pra sobornalo. Por iso téñense ollado tantas falcatruadas e traizóns nos homes que escomezaron defendendo ó pobo; e por iso o pobo tarda tanto en conseguir a imprimación de un réximen de xustiza posto que, en cada instante decisivo, o soborno privao dos seus más vaillosos directores.

Os dous grupos, xuntos, lloitan contra o pobo.

O mais curioso, emporiso, é que tamén lloitan ante si.

Ao principio paga o pobo os vldros rotos, mais o resultado final será benficioso pra o pobo, porque como todal-as sociedades, en virtude dos descubrimientos modernos, evolucionan hacia o tipo industrial, óllase xa inevidable, anque non se troque ningunha lei, o trunfo do capital, que, ó fin e ó cabo, é fillo do traballo, sober da propiedade da terra, qu'é filla do privilexio: de xeito que, cando os elementos capitalistas teñan conseguido afundire ós rendistas, non ficará pendente de resolución mais qu'un solo problema de goberno, o cal consistirá, non en confisical-o capital, sinón en suprimire os inxustos dereitos de mo-

nopolio que oxe favorécenno contra do pobo ó amparo da proteuzón aduaneira.

A simple supresión dos monopolios industriais implica o adevenimento automático da libertade porque o capital, por si solo, carece de forza pra tiranizar a ninguén posto que pode ser creado pol-o traballo humano o que non sucede coa terra.

Toda tiranía procede de cote dos que dominan o chan; e si istos imbécilles burgueses declaranxen enemigos do pobo é porque a mesma ignoranza, de que denantes fixen mención impiéndelles ollar o fondo do choio; ou sexa, que o monopolio, é decir a proteuzón aduaneira, concédese ó capitalismo pra indemnizalo do que a renda e o imposto indirecto lle sustraen por outra parte; e que, na sua consecuencia, pra nada necesita o monopolio contra o pobo si primeiramente se suprime todo imposto sobre do capital e as suas ganancias, xirándolle escrusivamente sobre do valor social das terras, e despox suprime, pol-o mesmo imposto de confiscazón, a renda do rendista que é o único que vive a costa do capital sin donarlle nada en troques.

O elsterminio da renda sería más súpito realizado pol-a lei; mais non por iso é menos seguro que, ainda cando ista non interveña, será realizado á longa pol-o capital, xliquera parcialmente, impedido que o traballo se empregue sobre da terra co que val ficando improductivo.

Proba d'elo é qu'a produción industrial leva xa á territorial casi un cinquenta por cento de ventaxa na proteuzón do Estado.

A proteuzón aduaneira ós productos da terra, prescindindo do recárrego arbitrario nos transportes, tasmeábase fai dez anos nun dezaseis por cento. A industrial nun vintecinco, tendo, ademais, as tarifas de transporte ó seu favor.

Ista imposibilidade de competenza val suprimindo pasenfiamente ó pequeno propietario.

Semellante circunstancia será perjudicial ó principio, mais favorabre en definitiva; porque cantes menos propietarios haxa menos serán

### Novas da causa

Os nosos amigos de Betanzos espallaron unhas follas imprentadas nas que fan un chiamamento ás mulleres d'aquela vila para que constitúan unha sección feminina da "Irmandade da Fala", siguiendo o exemplo da Crufia.

Os nosos amigos betanceiros son modelo de rapaces galeguistas.

N'eles, coma en poucos, o amore á terra e o espírito civil latexan fondamente.

Adiante, que sodes dos bos e xenerosos.

\* \* \*

En Villalba, onde tamén temos bos amigos, fixérónse algúns actos galeguistas.

Dou unha conferencia o cultísmo membro da "Irmandade", de Santiago, Sr. Culebras, e logo houbo un mitín para protestar contr'o reparto do consumo polos cacliques, no que falaron entr'outros ouradores, o Sr. Culebras, Branco Torres e Peña Novo.

Foi un acto dino de loubas e que terá de dar froito.

Ben polos amigos de Villalba! Eles e os de Monforte, son os únicos da morta e triste provincia de Lugo qu s'erguen cont'os cacliques, barilmente.

\* \* \*

Na "Irmandade", da Crufia, fixouse unha veida necrolóxica, en lembranza dos poetas Curros e Pondal, e do mestre Chané.

Pronunciaron discursos os Sres. Villar Ponte, Viqueira, Branco Torres e Sarmiento.

Leron poesías dos mortos relembrados, as fermosas señoritas Rosa Martínez, Esther Carballa e Lois Castelo, e os señores Osorio e Lafuente.

Acompañado pol-o mestre Braxe, cantou ó piano, o amateur musical Bernardino Varela, noso querido irmán, "Os teus ollos," e "Como foi," de Charán e Baldomir.

Romatou o acto entoando todolos presentes o himno galego, postos en pe.

\* \* \*

Drento de poucas datas poráse á venda o notabre "Compendio de Gramática galega," que vení imprimando a "Irmandade da Fala," da Cruxia.

Axilia publicará tamén a fermosa novela de Gonzalo López Abente "O Diputado por Veiramar".

\* \* \*

Axilia aparecerá millorada, con novo formato, A NOSA TERRA.

Queremos correspondere ó favor dos nosos amigos.

\* \* \*

Vense organizando de xelto comentente a Delegación das "Irmandades da Fala," en Madrid.

No seu seo faráse unha xuventú nazionalista.

## INVERNIZA

Soplaron do lústoso e triste outono as brisas derradeiras, que pasando escoleres e ilxeiras, en tollos e entrevertes remullos, as murchas follas fono das arvres arrancando para logo sin tino illas ciscando por campas e congostras e camíños.

Na ponla íspida d'un carvallo vello, unida a illa con forte vencello, unha folla mirrada, sofrindo des curlcos a rajelra, illa fica engarrada, qual si a pobre quixese, asín que o duro inverno ja morrese, tornar a revivir na primadeira.

Pero eis que n'unha sera tempestosa das más crías do inverno, na que a força do vento era espantosa, e doente bruaba

como furia do inferno, levando en redemullos por diante aquilo que o seu paso lle estorbaba, a follifa, muchada e esvalda, faltosa ja de forzas e de aguante, sin ánimo rolou esmorecida pola campía adiante: e tras de pavorosa e alongada terrivel luta dura, atopou a cuitada n'unha lafia da terra sepultura.

Cando da nosa vida o pardo e triste outono ja pasou, cando os anos se fono de fujida e sobre nos nevou, con mais força e carifio a vida amamos e por vel-a alongada suspiramos, e canto mais fujimos ao fin que se aproxima, sin decatarnos, sin sentir o limos pasenfio chegádonos á clima onde o noso camiño rematamos.

Todolos tempestades ali batan pois tercas nos persiguen e combaten con moura残酷, e tras de fera luta, ruda e forte, n'unha noite de dor atravesamos o pórtico da morte, que de paso sirvieu a Eternidade.

VICTORIANO TAIBO.

## O caciquismo de Betanzos

O concello de Betanzos, de feitura caciquil, foi obrigado a dimitir pola opinión pública d'aquel povo que ven dando exemplares mostras de cidadanía.

Dimitiron todolos concellás, forzados pola vontade popular.

Unha comisión de vecinos de Betanzos veu á Cruña para pidirle ó gobernador que abra unha información pública que dea lugar á incapacitación e destitución d'aqueles concellás.

Os cargos edilicios, conforme á lei, son irrenunciabres. Os concellás betanceiros dimitiron por medo ó pobo. Pero os caciques lles non convén que se proceda á sua destitución.

Si os caciques impoñen seu criterio, en Betanzos haberá esceas tristes.

E os responsables direitos serán o gobernador e a comisión provincial e o garcipretismo.

Aviso a tempo...

## No moiño

Conto de Eça de Queiroz

Foi grande a esclatón na casa, cando Xan Coutiño recibiu unha carta de seu primo Adrián que lle anunciable que en duas ou tres semanas ia chegar a vila. Adrián era un home célebre, e o marido de María da Piedad fina naquel parente un orgullo enfático. Mercara mesmo un xornal de Lisboa só para ver o seu nome nas locás e na crítica. Adrián era un romancista: e o seu último libro, *Madalena*, un estudo de muller traballado a grande estilo, d'unha análise delicada e sutil, consagrara-o como un mestre. A sua fama que chegara hasta a vila, nun vago de lenda, apresentava-o como unha personalidade interesante, un héroe de Lisboa, amado das fidalgas. Mas realmente na vila era sobretodo notabre por ser primo do Xan Coutiño.

Dofia Mirfa da Piedad ficou aterrada coa visita. Vía xa a sua casa en confusión coa presencia do hóspede extraordinario. Foi por iso un alivio, cando Adrián chegou, e mol sinxelamente se instalou no antigo hospedaxe do tío André. Xan Coutiño escandalizou-se tifia xa o cuarto do hóspede preparado. Adrián, entón, recusou:

—Eu teño os meus hábitos, vostedes teñen os seus... Non nos contrariemos... O que fago e vir acó a xantar. Do mais non estou mal no tío André. Vexo da xanela un moito e unha represa que son un cadrío delicioso...

Maria da Piedad ollába asombrada: aquel héroe, aquel fascinador por quem choraban mulleres, aquel poeta que os xornás glorificaban resultaba un suxeto extremadamente sinxelo. Non fermoso era. Ademais non facía frases; e a primeira vez que veu Xan, falou apenas dos negocios. E lamentaba sinceramente ver o primo ali, inútil sobre unha cama sin o poder axudar. Foi por iso, con grande alegria, que ouvín a Xan Coutiño declararlle que a muller era unha administradora de primeira orden.

—Ela vai contigo ver a facenda. E na custión de prezo, déixa a elal.

—Mas que superioridade, prima! exclamou Adrián maravillado.—Un anxo que entende de cifras!

Pol-a primeira vez na sua existencia Mirfa da Piedad coloreou coa palabra d'un home.

No outro día foran ver a facenda. Como ficaba perto, e era un día de marzo fresco e claro, partiran a pe. Ao principio, acafiada por aquela compañía d'un león, a pobre señora caminaba xunto d'él c'lo ar d'un paxaro asustado. Mas a estrada estendíase, branca e lon-

# O DIPUTADO por VEIRAMAR

NOVELA por Gonzalo López Abente

Ademáitense pedidos

ga, baixo o sol tépedo—e a conversa de Adrián folha lentamente acostumando á sua presencia.

El deulle alguns bons consellos, sobre a sua casa, chea d'enfermos, que parecia un hospital: o que os pequenos necesitaban era ar, sol... Ela tamén así o xuzgaba: mas qué! O pobre Xar, sempre que se lle falaba de ir pasar algún tempo a quinta afi xlase: tifia horror ós grandes ares e ós grandes horizontes: a natureza forte facíao casi desmalar; tornárase un ser artificial, acochado entre os lenzos da cama.

El entón lamentouna. De certo podería haber algunha satisfacción nun deber tan samente comprido... Mas, en fin, ela debía ter momentos en que desexase algunha outra cousa máis aló d'aquelhas catro paredes, cheas do bafo da doença.

«Qué hei de desexar más?—dixo ela. Adrián calouse: pareceulle absurdo supór que ela desexase, realmente o Chiado ou o Teatro da Trindade... No que él pensaba era noutros apetitos, nas ambíclós do corazón insatisfeto... Mais isto pareceulle tan delicado, tan grave de decir a aquela criatura víxinal e seria—que falou do paisaxe.

—Xa viu o molíño?—perguntouelle ela.  
—Teñio vontade de o ver, se mo quixer ir mostrar, prima.

—Hoxe e tarde.  
Combinaron logo ir visitar ese recuncho de verdura, que era o idilio da vila.

Na facenda, a longa conversa cou o Teles, crlo unha proximación maior entre Adrián e María da Piedade. Ela faloulle xa con menos reserva cando voltaran. A ninguén xamais deixara ver tanto da melancónia oculta que erraba constantemente na sua alma. E víxalle por él unha simpatía coma un indefinido desejo de o ter sempre presente, desde que él se tornaba así depositario das suas tristezas.

Adrián voltou para o seu cuarto, no hospedaxe do André Impresionado, interesado por aquela criatura tan triste e tan doce. Era un auxo que vivía facía moi tempo nunha vilota grosella e estaba por muitos lados preso ás trivialidades do sitio: mas bastaría un sopro para o facer remontar o ceo natural, ós cumes puros da sentimentalidade...

Hacha absurdo e infame facer a corte á prima... Mais involuntariamente pensaba no delicioso pracer de facer batir aquel corazón que non estaba deformado pol-o corsé e de pór enfin os seus belzos nunha faz onde non houbese pós de arroz... E o que o tentaba sobre todo era pensar que podería percorrer toda a provincia en Portugal, sin encontrar nin aquela llúa do corpo, nin aquela víxinalidade de alma adormecida... Era unha ocasión que non voltaba.

O paseo ó molíño foi encantador. Era un recuncho da natureza, dino de Corot, sobre todo a hora do meio dia en que eles alá foran, con a frescura da verdura, a sombra recollida das grandes árbores, e toda a sorte d'augoa corrente, fuxindo, relucindo entre os musgos

e as pedras. O molíño era pintoresco, co'a sua vella edificación de pedra secular, a sua roda podre, cuberta de hervas imóbil sobre a xeada limpides da augoa escura. Adrián hachouna duía d'unha escea de romance. María da Piedade non dixía nada. Como ela víña un pouco cansa sentáronse n'unha escada de pedra que amargallaba na augoa da presa os derradeiros degraos. O silencio dos campos qu'os arrodeaban illavaos e, insensivelmente, él escomezou a falarlle baixo... Houbo un momento en que él falou do encanto de ficar ali para sempre na vila.

—Ficar aquí? Para qué?—perguntou ela sorrindo.

—Para qué? para isto, para estar sempre ao pe de si...

Ela cubrese de rubor, o guarda-solíño escapulle das maus. Adrián receiou si a ofendera, e acrescentou logo rindo:

—Pois no era delicioso?... Eu podía alugar este molíño, facerme molifeiro... A prima havía de me dar a sua freguesia...

El continuou grazejando, có seu proleuto de se facere molifeiro, e de ir pol-a estrada galgando o burro, carregado de sacas de farfia.

—E eu vefio a judalo, primo!—dixo ela, animada pol-o seu propio sér, pol-a alegria dalgún home a seu lado.

—Ven?—Exclamou él—Júrolle que me falgo molifeiro! Qué pariso nos agarda elquí no molíño, ganando a'egrentemente a nosa vida, ouvindo cantar estes melros!

(Contenuará)

## Miserere nobis!

(Salmo das noites tristes)

Para Xosé Palacios,  
con fonda amistade.

Morre abafada a Galicia  
baixo a pouta castelán:  
temos fame de xusticia;  
fame de lebo e de can.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

Salen os vapores cheos;  
nenos e homes que se van:  
cal o pedrizo dos ceos  
e deixá arrasado o chan.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

O chegar o Samartínio  
os foreiros voltarán:  
ni-esquecerán o camiño  
ni-as rendas esquecerán.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

No-hai herbas pra darrile ó gando  
nin queda palla do vran:  
os automovis bruando  
carretera adiante van.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

Kuraron nas eleccós  
faguer a vida leván:  
ruben as contribucós;  
o ano que ven dobrarán.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

A corenta reás o millo  
e non se atopa ni-un gran:  
eles... dándolle ó sarillo,  
faguendo como que fan.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

Temos o frío nos hosos  
e no-hai follato nin lan:  
choran os fillifios nosos  
pedindo quentura e pan.

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

—Temos frío! Temos medo  
de erguer o sacho na man!  
Bebemos o víño acedo  
e xa a sangre é sollimáu!

—Probe de nos!  
Dios nos colla da sua man!

RAMÓN CABANILLAS.

## Peneirando...

Ouvindo falar sempre en catalán os professores da orquesta de Rebentós, lembrámonos d'unha cousa triste.

D'unha cousa triste que prova, como nada, o supremo grado de decadenza a que chegou a mocedad galega.

A maoría dos rapaces que componen os nosos coros enxebres, nin empapados pol-a música popular e pol-os cantos populares, falan en galego cando visten os traxes típicos dos labregos.

—Qué diciría un catalán si soubera isto?  
—Qué diciría un basco?

Inda nos lembramos do asombro que produxo en Barcelona a declaración feita nunha conferencia sua por un galeguista, cando dixo:

# A MAN DE SANTIÑA

FARSADA en dous pasos maxinada por RAMÓN CABANILLAS

A demitimos pedidos

“A Academia Galega, fai o seu boletín en castelán e os seu membros falan, nas xuntanzas académicas, en castelán.”

■ ■ ■

Nós non somos escrusivistas. Pero temos que censurar por forza a presa que se dan nosos artistas para facer homenaxes a xente estrana—o de Xullo Antonio, en Santiago—e a pregulha que amostran cando se trata de gabar os da Terra.

¿Qué homenaxe ll'adicaron os estudiantes de Compostela a Porteiro? ¿Qué provas d'agrimo lle teñen dado a Francisco Asorey os seus amigos d'aquela cidade?

Loubas para os estranos. E logo traías loubas o que é lóxico: un Benlliure levando cartos para facer churros... namentres os nosos artistas fican orfos de protección.

■ ■ ■

Xa sabedes o caso do teatro “Rosalia”, da Cruña.

Emilia Benito, unha cantora dina de gabanzas, despois d'entoar algunas cantigas das diversas rexlos d'España, coidou natural, por lei de fidalga cortesía, cantar tamén algo galego. E cantou... *Meus amores*, de Baldomir.

¡Nunca tal fixeral! Un fato de maricas flamenuquizados, inda que cheiran a caldo de grellos; un fato de mozos sin alma e sin cerebro nin educación, patearon a cantiga que fala dos nosos amores e da nosa patria—cantiga que apraudiron públicos de tod'o mundo,—porque eles desexaban ouviren mais *couplets chulos*.

Emilia Benito, dándolle unha lección de cultura e de masculinidá, negouse a comprácelos.

E eles siguiron orneando. E que perdoen os burros a comparanza.

Porque os burros, inda que híbridos, son menos imbéciles que eses cretinos despreciables e noxentos.

■ ■ ■

Trunfou o espírito civil en Cataluña, con

motivo da solución dada polo Goberno á folga da Canadiense.

A movilización militar non pudo sere... Non pudo sere porque Cataluña é o único civilizado d'España.

E ten que lle digan, imbéciles enemigos do galego. Ser o más civilizado d'España, o único civilizado, o povo onde apenas se fala castelán e o pouco que se fala, fálase mal...

■ ■ ■

O rector da Universidade de Santiago dirixiu-se ós catedráticos...

¿Para qué? ¿Para tratar de modernizar aquel centro docente? ¿Para galeguizalo?

Non; iso tería pouca importancia.

¡Dirixiu ós catedráticos para que ll'axuden a facer un homenaxe ós autores da “Casa da Troya”!

Tableau...

■ ■ ■

¡O problema das subsistencias!

Non val darlle voltas ó argadelo.

Namentres en Galicia non contan os labregos con maíz barato e abundante, a carne seguirá pol-as nubes e as patatas tamén.

O problema do maíz é o gran problema da nosa economía rural; é un problema que nos deberá levar o separatismo de non resolverse satisfactoriamente e axiña.

E o maior tributo d'escravitude económica que rendemos ó centralismo castelán.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

—Adeus, Foco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'a casa do noso Irmán, A. Gude, a Rua Real, 59, 1.<sup>o</sup>, a faguerme un fraxe d'aqueles qu'él fai fanbos e xellosos.

## Farmacia Europea

— DE —

**López Abente**  
REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

## Obras de Leandro Carré

**Contos e diálogos**, 60 céntimos.

**Tolerías**, 50 céntimos.

Pedidas nas boas librerías, ou ao seu autor, San Roque, 6, 2.<sup>o</sup>, enviando 25 céntimos mais para seren remitidas por correo certificado.

## ASTRERIA

— DE —

**EMILIO MUÑIZ**

**TRAXES ULTIMA NOVEDÁI**

N'este acreditado establecemento fanse traxes á medida con arrebro á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÚ  
CONTA CON BOA CLIENTELA  
CABALLEROS, 116, BAIXO  
A CRUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**  
A CRUÑA

## Os viños e coñas millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosechellos elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.<sup>o</sup> piso.—A CRUÑA

Faise carreiro de toda  
cras de traballois grá-  
ficos, en imprenta; illo-  
grafia e fotografado,  
ansi como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS

FOTOGRAFADO

Telef. 434

A CRUÑA

BARREIRÁ, 7

**FRÁBICA MECÁNICA  
:: DE CALZADO ::**

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**LA MODERNISTA  
GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés 94, 1.<sup>o</sup> — A CRUÑA

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeción e todos os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclos e friclos de todas clases.


*Nota:* N'este estabreimento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeloso, e que lle coste pouco dñeiro, qu'ó faga na xasería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO



**GRAN FONDA  
Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no maís céntricos da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**Abonos Químicos Mineraes**

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles, pra que as gallinas poñan más hovos, etcéteras.

Pidanse prezos e concízos a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA

**Consultorio Médico-Quirúrxico**

**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermedades en general

**ESPECIALIDADES**

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas). — Peito, Estómago, Anemia. Reumatismo, Artritis deformantes, Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

**RAYOS X**

Gabinete fisioterápico: Consultas de 10 a 12 Tratamentos e prezos a horas convencionadas

Non se fai asistencia nos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.<sup>o</sup> (esquina a Picavia)

A CRUÑA

**VIÑOS FINOS**

**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quien deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todos os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

*Servicios directo desde o porto da Cruña*

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana	:	:	:	:	:	:	:	:	Ptas. 298·60
Veracrus	:	:	:	:	:	:	:	:	313·60

Facilitan billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clase d'informos sóbore de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

**NOTA.** — Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.